



Concello de Guitiriz

DECRETO DE DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DA PRIMEIRA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE DOUS FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA ADMINISTRATIVOS/AS DE ADMINISTRACIÓN XERAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE. Expte. 578/2021

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Decreto de alcaldía nº 2021-0584 de data 21/07/2021 polo que e aproban as “Bases da convocatoria para a selección de dous administrativos/as de administración xeral como funcionarios/as de carreira mediante sistema de oposición libre”

-No BOP de Lugo nº 203 do 3/09/2021 foron publicadas integramente as bases da convocatoria. En datas 20/10/2021 e 12/11/2021 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente.

-Decreto de alcaldía nº 2022-0358 de data 26/04/2022 polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as para a selección de dous administrativos/as de administración xeral como funcionarios/as de carreira mediante sistema de oposición libre

-Solicitudes de emendas presentadas en prazo.

-Decreto de alcaldía nº 2022-0673 de data 25/08/2022 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e se designan os membros do tribunal.

-Acta de constitución do tribunal de data 13/09/2022 onde se propón a data, hora e lugar de realización da primeira proba de fase de oposición.

Considerando o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- De conformidade coa base 5.4. das bases da convocatoria publicadas no BOP de Lugo de 3/09/2021 e en base a proposta do tribunal establece a data, hora e lugar de realización da primeira proba da fase de oposición (exame teórico tipo test):

- Lugar: Pavillón Municipal “Jonathan Carro” sito a Rúa do Carmen (Guitiriz – Lugo)
- Día: Domingo, 30/10/2022
- Hora: 17:00 horas.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3LZDMJPCNYQZV2D3R7XFTXAY9 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Guitiriz

SEGUNDO.- Que se publique no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios e na paxina web ou sede electrónica municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa

Maria Sol Morandeira Morandeira

O Secretario (asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

Pablo Portela Fernández

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3LZDMJPCNYQZV2D3R7XFTXAY9 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2